



PROCEDEMENTO: CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUN VEHÍCULO TODO-TERREO, TIPO PICK UP, DESTINADO A TRABALLOS DE MANDO E CONTROL PARA PRESTAR SERVIZO NO PARQUE DE BOMBEIROS DE MONFORTE DE LEMOS. EXPCON1SU19-SIM

ASUNTO: CERTIFICACIÓN DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA MESA EN ACTO PÚBLICO CELEBRADO O DÍA 13 DE SETEMBRO DO 2019

Dña. Marta Rouco Seoane, Xerente do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento, e Secretaria da Mesa de Contratación en relación ao asunto de referencia

FAGO CONSTAR

Que en relación ao procedemento de contratación sinalado na cabeceira, o día 13 de setembro do 2019 celebrouse Mesa de Contratación para tratar os seguintes asuntos:

1.- CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUN VEHÍCULO TODO-TERREO, TIPO PICK UP, DESTINADO A TRABALLOS DE MANDO E CONTROL PARA PRESTAR SERVIZO NO PARQUE DE BOMBEIROS DE MONFORTE DE LEMOS. EXPCON1SU19-SIM.

- Dación de conta do informe técnico de verificación do cumprimento do prego de prescricións técnicas por parte das memorias técnicas presentadas polas empresas.

- Apertura dos sobres relativos á oferta económica e a documentación relativa aos criterios de adxudicación valorables de maneira automática pola aplicación de fórmulas (Sobres 2)

- Proposta de adxudicación se procede.

De acordo co exposto, e celebrada a sesión na data sinalada, en relación ao asunto indicado na cabeceira, a mesa de contratación adoptou os seguintes acordos:

“Pola Presidencia, dáse conta do informe do Xefe do Parque Móbil da Deputación Provincial de Lugo, que obra no expediente, relativo á verificación do cumprimento do prego de prescricións técnicas por parte das memorias técnicas presentadas polas empresas e no que se conclúe textualmente en relación a cada unha das ofertas o seguinte:

1. Oferta presentada por CAEIRO REY S.L.

“(…) Por tanto, pódese afirmar que a oferta presentada por este licitador cumpre coas especificacións esixidas no prego de prescricións técnicas que rixe esta contratación pero inclúe datos que deberían estar no sobre nº2, como é ampliación do prazo de garantía sobre o mínimos esixidos nos pregos. (...)”

En relación ao contido do sobre 1, a cláusula 11 do prego de cláusulas administrativas reitor do EXPCON1SU19-SIM sinala textualmente que:

“B. DOCUMENTACIÓN TÉCNICA.

Xunto coa documentación administrativa á que se refire o punto A anterior, os licitadores deberán presentar dentro do sobre 1 unha memoria técnica na que se describan as

características técnicas do vehículo ofertado e que deberá cumprir cos mínimos establecidos ao efecto no prego de prescricións técnicas.

Non poderá incluírse no sobre 1 información que permita coñecer a oferta económica ou determinar a puntuación que acadaría o licitador en base os criterios avaliábeis de forma automática mediante a aplicación de fórmulas. O incumprimento desta condición por parte dunha proposición dará lugar á súa exclusión do procedemento de adxudicación, se contravén os principios de igualdade de trato aos licitadores, transparencia e libre competencia”

De acordo co anteriormente exposto e co sinalado no informe do Xefe do Parque Móbil da Deputación Provincial de Lugo que obra no expediente, e considerando que a información facilitada no sobre 1 pola empresa CAEIRO REY S.L. permite determinar parte da puntuación que acadaría o licitador en base os criterios avaliábeis de forma automática mediante a aplicación de fórmulas, o que é susceptible de contravir os principios de igualdade de trato aos licitadores, transparencia e libre competencia, a Mesa acorda por unanimidade excluír do procedemento de adxudicación á oferta presentada pola empresa CAEIRO REY S.L.

2. Oferta presentada por EUPRAXIA CAR S.L.

“(…) Solicitada aclaración á empresa sobre a potencia do vehículo e outros aspectos non indicados na oferta, esta aporta nova ficha con outras características técnicas distintas do vehículo ofertado inicialmente, argumentando que, debido a un cambio de modelo, non se poden manter as características técnicas da oferta orixinal. (...)”

En relación a esta cuestión o artigo 176 da Lei 9/2017, de contratos do Sector Público dispón que “la mesa podrá solicitar precisiones o aclaraciones sobre las ofertas presentadas, ajustes en las mismas o información complementaria relativa a ellas, siempre que ello no suponga una modificación de los elementos fundamentales de la oferta o de la licitación pública, en particular de las necesidades y de los requisitos establecidos en el anuncio de licitación o en el documento descriptivo, cuando implique una variación que pueda falsear la competencia o tener un efecto discriminatorio”.

En base o anterior, e de acordo co sinalado no informe do Xefe do Parque Móbil da Deputación Provincial de Lugo que obra no expediente, e considerando que a aclaración da oferta presentada pola empresa EUPRAXIA CAR S.L supón unha modificación dos elementos fundamentais da oferta que pode falsear a competencia ou ter un efecto discriminatorio, a Mesa acorda por unanimidade excluír do procedemento de adxudicación á oferta presentada por EUPRAXIA CAR S.L.

3. Oferta presentada por FERGIL AUTO S.R.L.U

“(…) A oferta presentada por este licitador cumpre en todos os puntos co especificado no PPT. (...)”

De acordo sinalado no informe do Xefe do Parque Móbil da Deputación Provincial de Lugo que obra no expediente, a Mesa acorda por unanimidade admitir a admitir a proposta presentada pola empresa FERGIL AUTO S.R.L.U ao considerar que cumpre coas determinacións establecidas no prego de prescricións técnicas reitor da presente contratación.

4. Oferta presentada por BILBOTRUCK S.L.

“(…)Solicitada aclaración ó licitador, sobre aquelas cuestións non contempladas na



documentación presentada coa oferta, o licitador presentou fichas coas características técnicas de todas elas, de maneira que queda xustificado que, a excepción da cilindrada mínima esixida, o vehículo cumpriría con todas as prescricións indicadas nos pregos(...)"

De acordo co sinalado no informe do Xefe do Parque Móbil da Deputación Provincial de Lugo que obra no expediente e considerando que á vista do mesmo, a oferta presentada pola empresa BILBOTRUCK S.L. non cumpre con todas as determinacións establecidas no prego de prescricións técnicas reitor da presente contratación, a Mesa acorda por unanimidade do procedemento de adxudicación á oferta presentada pola empresa BILBOTRUCK S.L.

Concluída a lectura do mencionado informe do Xefe do Parque Móbil da Deputación Provincial de Lugo, a mesa de contratación acorda por unanimidade, aceptar o seu contido, facelo seu e publicar no perfil do contratante Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento aloxado na plataforma de contratos do sector público, o texto íntegro do mesmo .

Acto seguido procédese á apertura do sobre relativo á oferta económica e a documentación relativa aos criterios de adxudicación valorables de maneira automática pola aplicación de fórmulas (Sobres 2), da empresa FERGIL AUTO S.R.L.U, por ser a única que continúa no procedemento de adxudicación. Os resultados da apertura do sobre 2 resúmense na seguinte táboa.

LICITADOR	ANEXO L1		
	MODELO DA PROPOSICIÓN ECONÓMICA		
	1. PREZO (ata 75 puntos)	2. AMPLIACIÓN DO PRAZO DE GARANTÍA (ata 25 puntos)	
		a) Mecánica (ata 12,5 puntos)	b) Chapa (ata 12,5 puntos)
Oferta	Oferta	Oferta	
FERGIL AUTO S.R.L.U	30.000, 00 € (IVE non engadido)	48 meses de ampliación	108 meses de ampliación

Compróbase en primeiro termo, antes de proceder ao cálculo dos criterios de adxudicación valorables de maneira automática por aplicación de fórmulas, que ningunha das proposicións presenta valores anormais ou desproporcionadas en relación ao criterio prezo de acordo co previsto no 149.2 da LCSP . A este respecto, resulta de aplicación o disposto no artigo 85.1 do RD 1098/2001 de 12 de outubro, onde se dispón que:

Consideraranse, en principio, desproporcionadas ou temerarias as ofertas que se atopen nos seguintes supostos:

(...)

1. Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento basee de licitación en máis de 25 unidades porcentuais. (...)"

Realizada esta comprobación e non atopándose incurso a oferta presentada por FERGIL AUTO S.R.L.U en presunción de anormalidade en aplicación do previsto no artigo 85.4 do RD 1098/2001 de 12 de outubro e de acordo co previsto no 149.2 da LCSP, procédese a aplicación

das fórmulas obténdose os seguintes resultados.

LICITADOR	ANEXO I.1					
	MODELO DA PROPOSICIÓN ECONÓMICA					
	1. PREZO (ata 75 puntos)		2. AMPLIACIÓN DO PRAZO DE GARANTÍA (ata 25 puntos)			
			a) Mecánica (ata 12,5 puntos)		b) Chapa (ata 12,5 puntos)	
	Oferta	Puntuación	Oferta	Puntuación	Oferta	Puntuación
FERGIL AUTO S.R.L.U	30.000, 00 € (IVE non engadido)	75	48 meses	12,5	108 meses	12,5

De acordo co anteriormente sinalado e considerando ás decisións adoptadas no transcurso da sesión, a mesa de contratación, en aplicación do previsto no artigo 149 da LCSP, acorda, por unanimidade:

1º.- Excluir do procedemento de adxudicación do EXPCONISU19-SIM ás ofertas presentadas polas empresas CAEIRO REY S.L., EUPRAXIA CAR S.L. e BILBOTRUCK S.L. polos motivos sinalados na presente acta.

2º.- Clasificar aos licitadores admitidos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	FERGIL AUTO S.R.L.U	100 puntos

3º.- Requirir á empresa FERGIL AUTO S.R.L.U, para que, dentro do prazo de SETE DÍAS HÁBILES, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público de acordo co previsto ao efecto no prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación de referencia.

4º.- Publicar o resultado da valoración total do proceso no perfil do contratante Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento aloxado na plataforma de contratos do sector público.”

E para a súa debida constancia aos efectos oportunos, expídese a presente certificación co visto e prace do Presidente da mesma segundo o disposto, e coa salvedade recollida no art. 19.5 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, ao non constar aprobada a acta de referencia e consecuentemente a expensas do que resulte no seu caso da oportuna aprobación ou sinatura da mesma polos integrantes da mesa:

“Artículo 19 Régimen de los órganos colegiados de la Administración General del Estado y de las Entidades de Derecho Público vinculadas o dependientes de ella.

(...) las actas se aprobarán en la misma o en la siguiente sesión, pudiendo no obstante emitir el Secretario certificación sobre los acuerdos que se hayan adoptado, sin



DEPUTACIÓN DE LUGO

perjuicio de la ulterior aprobación del acta. Se considerará aprobada en la misma sesión el acta que, con posterioridad a la reunión, sea distribuida entre los miembros y reciba la conformidad de éstos por cualquier medio del que el Secretario deje expresión y constancia.

En las certificaciones de acuerdos adoptados emitidas con anterioridad a la aprobación del acta se hará constar expresamente tal circunstancia”.

Previsión semellante contéplase no art. 206 do RD 2568/1.986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e funcionamento das Entidades Locais.

Lugo, 13 de setembro do 2019.

A Secretaria da Mesa,

Marta Rouco Seoane

V.º Pr.

O Presidente da Mesa

José Antonio Arias Lombardero

